









Como rexistrar a súa entidade no:

Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

Material elaborado polo equipo de DINAMIZACIÓN COMUNITARIA do Obradoiro MAIV DUAL 2022




Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

Que é o RUEPSS?

Rexistro que recolle a información referida ás entidades que desenvolven programas ou son titulares ou xestoras de Centros ou Programas de servizos sociais, nos seguintes ámbitos: maiores, discapacidade, igualdade, infancia, menores, familia, inclusión e servizos comunitarios.

Ferramenta para a difusión, o coñecemento e de orientación na asignación dos recursos sociais existentes.



The screenshot shows the website header for the Xunta de Galicia, specifically the 'Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais'. The header includes the logo of the Xunta de Galicia and the text 'CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE'. Below the header, there are input fields for 'Usuario/a' and 'Contrasinal', along with buttons for 'CONECTAR' and 'SOLICITAR E RECORDAR CONTRASINAL'. A sidebar on the left contains navigation links: 'Inicio', 'Entidades', 'Centros', 'Programas', and 'Servizos no Mapa'. The main content area, titled 'Inicio', contains the following text:

O Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais recolle a información referida ás Entidades que desenvolven programas ou son titulares ou xestoras de Centros ou Programas de servizos sociais, nos seguintes ámbitos: maiores, discapacidade, igualdade, infancia, menores, familia, inclusión e servizos comunitarios.

O RUEPSS configúrase, para o público e os profesionais de servizos sociais, como unha ferramenta para a difusión, o coñecemento e de orientación na asignación dos recursos sociais existentes.

Desde aquí pode consultar a normativa vixente así como información, documentación e modelos relacionados cos trámites e procedementos de inscrición e autorización de centros de servizos sociais: [acceso á ASESORIA VIRTUAL](#)

Esta aplicación está xestionada pola Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais ó que poderá dirixirse mediante o enderezo electrónico: inspeccion.centros@xunta.gal

Acceso ao RUEPSS: <https://ruepss.xunta.gal/XiacWeb/>

Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

Inscripción de entidades

Deben inscribirse no RUEPSS as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que sexan titulares ou xestoras de centros, que **desenvolvan programas ou realicen actividades propias dos servizos sociais** no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

[BS628A - Inscripción no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais \(RUEPSS\)](#)

Trámites / Guía de procedementos e servizos / Detalle procedemento

BS628A - Inscripción no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS)

Escuchar

Aberto todo o ano

SOBRE ESTE PROCEDEMENTO **PRESENTACIÓN** DESPOIS DA PRESENTACIÓN

i A Xunta de Galicia pon á disposición da cidadanía unha serie de catálogos que serven de guía e recollen de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais.


Pode obter máis información sobre esta figura na [Oficina Galicia Empresa](#).
Acceda ao catálogo relacionado coa súa iniciativa premendo sobre esta [ligazón](#).

Tramitar en liña

Prazo

Prazo de presentación: ABERTO

Descargar:
ANEXO I



Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

Modificación da inscrición:

As entidades inscritas están obrigadas a manter actualizados permanentemente os datos que obran no RUEPSS, o que en moitos casos poden facer elas mesmas no propio rexistro.

En concreto deben comunicar, con carácter previo ou no prazo máximo de 30 días desde a súa efectiva realización, a modificación dos datos referidos a:

- A denominación da entidade e/ou dos centros e programas autorizados dos que a entidade sexa titular.
- O enderezo social da entidade.
- O obxecto social da entidade.
- Os datos identificativos dos/as representante/s legais da entidade e/ou dos/as seus administradores/as.
- O cambio de titularidade dos centros ou programas que a entidade teña autor.
- O cambio de entidade xestora dos centros ou programas que a entidade titular teña autorizados.

BS628C - Modificación da inscrición no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS)

Descargar:
Anexo I

Cambio de Entidade Xestora de Centros / Programas Autorizados

Trámites -> Guía de procedementos e servizos -> Detalle procedemento

BS628C - Modificación da inscrición no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS)

Escoitar

Aberto todo o ano

SOBRE ESTE PROCEDEMENTO PRESENTACIÓN DESPOIS DA PRESENTACIÓN

Tramitar en liña

Prazo

Prazo de presentación: Aberto todo o ano
Con carácter previo á modificación ou no prazo máximo de 30 días desde a súa efectiva realización.

Documentación para a presentación

- Solicitude Anexo I.
- No caso de representación, documento acreditativo desta por calquera medio válido en uso.

MODIFICACIÓN DE DATOS

- Documentación para a presentación de datos.

CAMBIO DE TITULARIDADE DE CENTROS/PROGRAMAS AUTORIZADOS

- Copia do documento público que acredite o cambio de titularidade do centro ou programa do que se trate. Neste documento farase constar a capacidade e/ou representación das partes, a data exacta na que se vai facer efectivo o cambio de titular, recollendo unha mención expresa ao dereito polo que se dispón do inmovible e a asunción por cada unha das partes das posibles responsabilidades e sancións que poidan derivarse da xestión do centro ou programa.
- No caso de que o cambio de titularidade conste en documento privado, acta notarial ou ben testemuña notarial sobre o mesmo con lexitimación das sinaturas que nel constan.
- Compromiso do/da representante da nova entidade sobre o mantemento das condicións do servizo ás persoas usuarias que o contrataron con anterioridade ao cambio de titularidade, ou ben do acordo suscrito con todas elas sobre a súa alteración.
- Novas normas de funcionamento para proceder ao seu visado.
- Relación do persoal asignado ao servizo.
- Copia das pólizas de seguros obrigatorias a nome da nova entidade.
- Copia dos permisos ou licenzas que fagan obrigables, ou xustificante de telos solicitados.

CAMBIO DE ENTIDADE XESTORA DE CENTROS/PROGRAMAS AUTORIZADOS


- Copia do contrato de xestión no que se indique a data de inicio e a duración.
- De ser o caso, novas normas de funcionamento para proceder ao seu visado, a relación do persoal asignado ao servizo e a copia das pólizas de seguros obrigatorias.

Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

Cancelación de entidades:

A cancelación no RUEPSS producirase no caso de darse algunha das seguintes circunstancias:

- Extinción da personalidade xurídica da entidade
- Disolución da entidade
- Cese das súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia



The screenshot shows a web page for the cancellation of registration in the RUEPSS. The breadcrumb trail is: Trámites -> Guía de procedementos e servizos -> Detalle procedemento. The main heading is "BS628B - Cancelación da inscrición no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS)". There is a "Escotar" button with a speaker icon. A green bar indicates "Aberto todo o ano". Below this is a progress bar with three stages: "SOBRE ESTE PROCEDEMENTO", "PRESENTACIÓN" (highlighted in orange), and "DESPOIS DA PRESENTACIÓN". Under "PRESENTACIÓN", there is a "Prazo" section with the text "Prazo de presentación: Aberto todo o ano" and a "Tramitar en liña" button with a question mark icon.

Descargar:
Anexo I- B

Obrigas das entidades prestadoras:

As entidades inscritas, están obrigadas a:

- Manter actualizados permanentemente os datos no RUEPSS.
- Acreditar no primeiro trimestre do ano o mantemento das súas actividades mediante a presentación da memoria de actividades do ano anterior. A falta de acreditación da memoria durante dous anos consecutivos, determinará a cancelación de oficio da inscrición da entidade no RUEPSS.
- Facilitar á Administración toda a información que solicite no exercicio das súas competencias.
- Estar suxeitas ás potestades inspectora e sancionadora da consellería con competencias en materia de servizos sociais.
- Someter ao réxime de autorización regulado neste decreto, os centros, programas e/ou servizos da súa titularidade, de conformidade coa normativa autonómica que os define e regula.
- Informar previamente ás persoas usuarias, de xeito claro e comprensible, sobre o réxime dos servizos que prestan, as súas condicións, os prezos ou tarifas que se van cobrar, cando procedan, e a forma de pagamento.
- Velar polo bo estado xeral e de conservación dos equipamentos e instalacións onde se presten servizos e dispensar ás persoas usuarias un trato correcto e non discriminatorio.
- Dispoñer en cada instalación aberta ao público dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias, dos seus familiares, representantes legais ou titores e/ou dun procedemento que garanta a xestión das queixas e das suxestións presentadas.
- Remitir á inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia unha copia das reclamacións presentadas, no prazo máximo de tres días hábiles, xunto cun informe xustificativo dos antecedentes e das actuacións realizadas para a súa xestión.

Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

DEFINICIÓNS

Entidad prestadora de servizos sociais

Entidad titular do centro ou programa

Entidad xestora










Servizos sociais

Servizos sociais complementarios

Programas

Autorización administrativa sectorial de servizos sociais

Podedes consultar o seu significado no noso glosario, na sección recursos → catálogo de materiais.





Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servicios Sociales (RUEPSS)



Material realizado pola

**Especialidade de
Dinamización Comunitaria**

Obradoiro de Emprego

“MAIV DUAL 2022”

